**Bos días!!!!!!!Aquí estamos outra vez.Poñédevos as pilas e..........EMPEZAMOS!!!!!!!!!!**

**4º PRIMARIA**

Hoxe imos ver uns signos moi utilizados en música,que algunha vez xa falei deles pero imos repasar.

## *O "puntillo"*

O **puntillo** cando vai acompañando a unha nota fai que esta nota dure máis, exactamente a mitade do que valía. Por exemplo, si o poñemos ao lado da blanca que dura 2 pulsos, co puntillo durará 3 pulsos (a mitade de dous é 1, 2 + 1 = 3). De seguido vemos o valor das figuras que coñecemos ata o momento poñéndolle o puntillo ao lado.

| Figura | Duración |
|---|---|
|  | 6 PULSOS (4 + 2) |
|  | 3 PULSOS (2 + 1) |
|  | 1 Y 1/2 tiempos (1 + 1/2) |

Con este enlace seguro que o comprendes mellor:

https://www.youtube.com/watch?v=VqrksNEUVRQ

## *"Signo de repetición":A dobre barra con dous puntos*



En música a dobre barra é un **signo de repetición** que indica que unha parte debe repetirse. Si a peza ten un único signo de repetición, entón significa que debe repetirse dende o principio. A mesma señal, pero cara o sentido contrario, indica o lugar onde a repetición debe empezar.




Ademáis se leva un “1” o un “2” encima, mirade o que ocorre:




Con este enlace seguro que o comprendes mellor:

https://www.youtube.com/watch?v=3gL4d0gGAHg

Outro signo de repetición é este:

## **“D.C.”**

**D.C.(**da capo ) é un término italiano que significa literalmente 'dende a cabeza”. Indica que o intérprete debe repetir a peza dende o principio.



Pois agora é o turno de practicar. Recordade que na páxina web hai subido un cuaderniño de fichas que pon:Fichas 3º-4º.Teóricamente xa tíñades que ter feitas ata a ficha 5 e agora tócanos a 6 e a 7 así que........a poñer a traballar as neuronas.!!!!!!
Como sempre vos digo non fai falta imprimir nada, basta con que fagades nun folio ou na libretiña.